

CATÁLOGO

# ELABORACIÓN DE PRODUCTOS LÁCTEOS

## EDITA

XUNTA

DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

## ELABORA

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

## DESEÑO/MAQUETACIÓN

cristinazzdesign

## ANO DE EDICIÓN

2021

## ELABORACIÓN DE PRODUCTOS LÁCTEOS

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Secretaría Xeral Técnica

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa



## ÍNDICE

- PAX. 07 1. Introducción.
- PAX. 08 Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia
- PAX. 08 Catálogos.
- PAX. 09 Elaboración de produtos lácteos. Concepto.
- PAX. 11 Esquema do proceso.
  
- PAX. 13 2. Trámites para a posta en marcha da empresa de produtos lácteos.
- PAX. 14 Resumo do proceso.
- PAX. 16 Trámites preliminares.
  
- PAX. 21 3. Requisitos hixiénico-sanitarios.
  
- PAX. 27 4. Solicitud para que o proxecto poida ser declarado iniciativa empresarial prioritaria.
  
- PAX. 31 5. Autorización ou comunicación do inicio da actividade.
- PAX. 34 Autorización de empresas de produtos lácteos.
- PAX. 35 Comunicación de inicio de actividade.
  
- PAX. 39 6. Procedemento para o recoñecemento de produto artesanal.
- PAX. 43 Autocontrol e rastrexabilidade nas empresas artesanais.
  
- PAX. 45 7. Avaliación de impacto ambiental simplificada e declaración de incidencia ambiental.
- PAX. 47 Avaliación de impacto ambiental.
- PAX. 48 Declaración de incidencia ambiental.
  
- PAX. 51 8. Tramitación municipal.
- PAX. 52 Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello.
- PAX. 52 Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso.
- PAX. 53 Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade.
- PAX. 58 Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras.
- PAX. 61 Cambios de titularidade da actividade ou establecemento.
  
- PAX. 63 9. Anexo.
- PAX. 64 Acreditación da condición de persoa artesá.



## 1. INTRODUCCIÓN

## LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

O Parlamento de Galicia aprobou recentemente a **Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.**

Esta lei ten por **obxecto** establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de **simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia.**

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lle **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e mesmo tamén a local, nos supostos de adhesión dos concellos a este.**

### CATÁLOGOS

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais, destaca no capítulo I a referencia á creación dunha serie de **catálogos**, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificase que, a través do Sistema de Atención ao Investimento, se poderá acceder de maneira gratuíta aos **“catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento”.**

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación para as empresas e, en particular, para as persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lle serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.



## ELABORACIÓN DE PRODUCTOS LÁCTEOS. CONCEPTO

O **obxecto deste documento** é a actividade de **elaboración de produtos lácteos**. Tal como se define no anexo 1 do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen as normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, enténdese por produtos lácteos os produtos transformados como resultado da transformación do leite cru, ou da transformación subseguinte de tales produtos transformados.

Se atendemos aos produtos específicos, recóllense os clasificados dentro da clave 15 (Leite e derivados) do Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos (RXSEAA):

- Queixos, frescos, madurados ou fundidos.
- Leite pasteurizado, UHT ou esterilizado.
- Leite deshidratado (evaporado ou concentrado), cru, condensado e en po.
- Leite fermentado, iogur, etc.
- Callada.
- Nata.
- Requeixo.
- Soro lácteo.
- Manteiga.
- Outros produtos derivados do leite (produtos transformados, compostos de leite e outros ingredientes, animais ou vexetais).

E tamén dentro da clave 28 (Xeados) do Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos (RXSEAA):

- Xeados de leite.

No propio Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria, recóllese o grupo 1, de elaboración de derivados lácteos que integra os seguintes produtos:

- Queixo.
- Iogur e leites fermentados.
- Manteiga.
- Callada.
- Requeixo.
- Xeados.

Para o desenvolvemento desta actividade, cómpre contar cunha autorización previa dados os efectos que poden ter para a saúde das persoas, estando suxeito a unha normativa específica en materia de hixiene por seren produtos de orixe animal, tal como se recolle no Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen as normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

Hai que sinalar que tamén existe o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (REGASA), no cal se inscriben aquelas empresas e establecementos alimentarios cuxa actividade comercial se realice na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro dos produtos lácteos indícanse as seguintes actividades:

- Produtos lácteos tradicionais (PLT). Correspóndese coa elaboración de produtos lácteos tradicionais a base de leite cru de vaca, que se definen no Decreto 125/1995, do 10 de maio.
- Xeadarías. Establecementos en que a actividade principal é a elaboración e venda de xeados para o seu consumo inmediato.

Para o desenvolvemento destas dúas actividades, serve coa comunicación de inicio de actividade no REGASA e a declaración responsable de que se dispón dos locais e do equipamento necesario para levar a cabo as actividades notificadas e que estes son adecuados á normativa de aplicación.

Previamente, as persoas propietarias de explotacións agrarias que elaboren produtos lácteos tradicionais, deberán formular solicitude conforme ao procedemento electrónico SA646A, de Rexistro de explotacións agrarias elaboradoras de produtos lácteos tradicionais, sendo preciso informe favorable de Consellería de Medio Rural.

INICIO DE PROCESO

TIPOLOXÍA DE EMPRESA ELABORADORA OU ESTABLECEMENTO

ART. 2.1. RD 191/2011

ART. 2.2. RD 191/2011

Empresas e establecementos suxeitos a inscrición no Rexistro Xeral

Empresas excluídas de inscrición no Rexistro Xeral

Requisitos previos para exercicio da actividade profesional (hixiénico-sanitarios)

Requisitos hixiénico-sanitarios

IMPACTO AMBIENTAL

SÍ

NON

>200T  
produción/día

20-200T  
produción/día

Solicitude de avaliación de impacto ambiental

Solicitude de declaración de incidencia ambiental

MT201U. Avaliación impacto ambiental simplificada

MT900A. Declaración de incidencia ambiental

Instrución procedemento

OBRAS?

SÍ

NON

Solicitude de licenza de obra ou comunicación previa urbanística.

Documentación actividade

Autorizacións sectoriais pertinentes

ICIO

Título habilitante

PRESENTACIÓN TELEMÁTICA DE SOLICITUDE

Solicitude de autorización

Memoria técnica

Documentación complementaria

Taxas

SA451A Inscrición no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos

Comunicación AESAN

Solicitude

Taxas

SA646A Rexistro explotacións agrarias elaboradoras PLT's

Informe Medio Rural

FAVORABLE

DEFAVORABLE

Comunicación de inicio da actividade

Taxas

SA550A Inscrición no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios

Declaración responsable

SÍ

É ARTESANÍA ALIMENTARIA?

MAR400B Inscrición rexistro artesanía alimentaria

NON

FIN DO PROCESO

INICIO DE ACTIVIDADE

COMUNICACIÓN PREVIA AO CONCELLO



## 2. TRÁMITES PARA A POSTA EN MARCHA DA EMPRESA DE PRODUTOS LÁCTEOS.

## RESUMO DO PROCESO

Este catálogo fai referencia ao procedemento para a autorización de funcionamento dunha industria alimentaria ou un establecemento de alimentación, segundo establece o artigo 4 e seguintes do Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos, modificado polo Real decreto 682/2014, do 1 de agosto. Tamén se refire á autorización para empresas artesanais alimentarias, segundo o establecido no Decreto da Consellería do Medio Rural, 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria. Neste caso concreto falamos de empresas elaboradoras de produtos lácteos.

Este proceso consta de varios procedementos concretos, vinculados á inscrición nos rexistros pertinentes, en función da tipoloxía e alcance das empresas de que se trate:

- SA646A -O procedemento de solicitude de rexistro de Explotacións Agrarias Elaboradoras de Produtos Lácteos tradicionais que se presentará ante a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da provincia correspondente.
- SA451A - Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos (RXSEAA) (Regulado polo RD 191/2011). Este procedemento é de obrigado cumprimento para os establecementos das empresas de alimentación ou das propias empresas que realizan as actividades de: 1) produción, transformación, elaboración e/ou envasado; 2) almacenamento e/ou distribución e/ou transporte; e 3) importación de produtos procedentes de países non pertencentes á Unión Europea. Este rexistro é de carácter nacional e considérase un rexistro unificado no ámbito estatal.
- SA550A - Comunicación de inicio de actividade para a inscrición no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (REGASA), Regulado polo Decreto 204/2012, modificado polo Decreto 173/2019. Este procedemento diríxese a empresas ou establecementos alimentarios con sede, domicilio, axencia ou que exerzan a actividade comercial na Comunidade Autónoma de Galicia, e que non teñan a obriga de estar inscritos no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos.

Tamén recolle un procedemento vinculado á produción artesanal de alimentos, que se concreta no seguinte:

- MR400B - Inscrición no Rexistro da artesanía alimentaria. O procedemento establécese a nivel do Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria, dentro do marco establecido no capítulo III do título III da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega. Ligados a este procedemento de inscrición no rexistro están os procedementos de declaración responsable do cumprimento das condicións como persoa artesá alimentaria (MR400A), a modificación da inscrición no rexistro (MR400C) e a baixa no dito rexistro (MR400D). Neste caso falamos de produción e elaboración con destino ao mercado de alimentos artesanais, tanto de orixe agraria como da pesca, do marisqueo ou da acuicultura.

Cómpre indicar que, dependendo das características concretas dos proxectos: do seu volume de investimento, da creación de emprego, de que se trate de sectores estratéxicos, etc., estes poden declararse como iniciativas empresariais prioritarias (IG300D) a solicitude da persoa interesada; isto implicaría a aplicación de certas medidas, previstas na normativa aplicable, que permitirían unha axilización do procedemento.

Tamén debemos ter en consideración que, se o proxecto supera uns determinados volumes de produción, pode requirir a avaliación de impacto ambiental simplificada (máis de 200 toneladas de produción por día) ou ben a declaración de incidencia ambiental (entre 20 e 200 toneladas de produción por día).

Neste catálogo non se recollen os trámites relativos á constitución da empresa, que implican a dotación de personalidade xurídica e a capacidade para contratar. Estes trámites, de carácter xeral para a constitución de calquera empresa, fan referencia á forma xurídica da empresa e á súa seguridade xurídica, mercantil, fiscal e laboral, para poder desenvolver a súa actividade. Tampouco se recollen os relativos ao ámbito da prevención de riscos laborais.

O procedemento para a obtención da autorización para operar como empresas de produtos lácteos implica unha serie de trámites. Existen dous camiños para que as empresas poidan operar no mercado. Por unha banda, están as empresas que teñen que inscribirse no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos (art. 2.1. RD 191/2011). Por outra, as empresas que se inscriben no REGASA, Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (art. 2.1. RD 191/2011). A continuación establecemos os pasos para cada procedemento por separado.

### Inscripción no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos

- 1. Solicitude de autorización. A presentación da solicitude farase telematicamente (procedemento SA451A, na sede electrónica da Xunta); a esta achegarase unha memoria técnica e diferente documentación complementaria, relacionada co pagamento das taxas, planos de situación e instalacións, etiquetaxe, e recibos de subministracións de auga e recollida de lixo. Existen unha serie de requisitos previos e normativa de carácter hixiénico-sanitaria que deben cumprir estas empresas para poder ser autorizadas, sobre todo porque son empresas que traballan con produtos de orixe animal, suxeitos a condicións de tratamento específicas.
- 2. Inscripción no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos. Unha vez autorizada pola Administración competente no ámbito autonómico, procederase á inscrición no dito rexistro, que é de obrigado cumprimento. Posteriormente enviarase unha comunicación á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, a cal asignará un número de identificación de carácter nacional. Este número debe figurar obrigatoriamente na etiquetaxe, e non se pode iniciar a actividade ata obtelo.

### Inscripción no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (REGASA)

- 1. Comunicación de inicio de actividade. Realizarase a comunicación co modelo normalizado (telematicamente na sede electrónica da Xunta, procedemento SA550A) no cal constarán, á marxe dos datos de identificación, a tipoloxía de actividade alimentaria para a cal se solicita a inscrición no rexistro, facendo constar, no caso que nos ocupa, o código 9701, referente a produtos lácteos tradicionais, ou o código 9928, para xeadarías. Achegarase a solicitude da acreditación de ter pagada a taxa correspondente. Estas empresas deben cumprir os requisitos hixiénico-sanitarios pertinentes.
- 2. Inscripción no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios. Este rexistro será complementario do rexistro estatal, aínda que terá carácter autonómico, sendo un rexistro unificado para toda a comunidade autónoma. A inscrición no REGASA non exclúe a plena responsabilidade da persoa operadora económica respecto do cumprimento da lexislación alimentaria. A inscrición implicará o inicio de actividade simultaneamente, sen prexuízo dos controis que posteriormente se poidan levar a cabo.

Existe tamén un procedemento específico para as **empresas artesanais alimentarias**. O Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria, considera como produtos tradicionais os produtos lácteos elaborados a partir de leite cru de vaca e crea o Rexistro de Explotacións Agrarias Elaboradoras de Produtos Lácteos Tradicionais, o cal establece un réxime transitorio para as explotacións que figuran no rexistro de produtos lácteos tradicionais que terán un prazo de dous anos a partir da aprobación da norma técnica correspondente para a tramitación da súa inscrición no Rexistro da artesanía alimentaria.

- 1. Cumprimento de requisitos previos, vinculados á produción de carácter artesanal. Refírense a aspectos relacionados coa propia actividade, as materias primas, a transformación e elaboración dos produtos e o seu volume de produción, entre outros. Estes requisitos veñen pautados polas normas técnicas correspondentes, que neste caso fan referencia ás actividades do grupo 1 (anexo I do decreto), que se centran na elaboración de derivados lácteos (queixo, iogur e leites fermentados, manteiga, callada, requeixo e xeados). Tamén cómpre indicar que poden variar se falamos de microempresas artesanais, explotacións agrarias elaboradoras de produtos caseiros ou elaboradoras de produtos artesanais de montaña.
- 2. Declaración responsable. Para a inscrición no Rexistro da artesanía alimentaria, será suficiente realizar unha declaración responsable, segundo o modelo normalizado. Nesta declaración, indícase a actividade ou actividades para as que se solicita a correspondente inscrición no rexistro, e achegárase a taxa correspondente. Tamén se indicará o rexistro sanitario de referencia en que se atopa inscrita a entidade.

## TRÁMITES PRELIMINARES.

Tratarase tamén no catálogo o procedemento para o inicio da actividade no ámbito do concello onde radique o establecemento.

O primeiro paso que debe dar a persoa promotora para a implantación do establecemento físico é **comprobar o réxime urbanístico que resulta de aplicación na parcela ou edificación na que pretende a implantación da dita actividade.**

Así, de conformidade co disposto no artigo 87.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

*“Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído.*

*Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder de 2 meses dende a presentación da solicitude no rexistro municipal.”*

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes esixencias, de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, aos efectos de determinar a viabilidade urbanística da actuación.

## Informes ou autorizacións sectoriais.

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultarse por calquera persoa interesada no Plan Básico Autonómico de Galicia, que constitúe unha ferramenta dinámica que resulta indispensable para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e que permite á cidadanía dispoñer de toda a información relevante dende o punto de vista territorial, actualizada e de acceso universal, en todo o ámbito da nosa Comunidade Autónoma.

O visor do Plan Básico Autonómico de Galicia pode consultarse a través da seguinte ligazón:

<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>



## Réxime xurídico xeral do solo rústico

O artigo 35.1.ñ) da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 50.1.ñ) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro*, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, contempla entre os **usos admisibles no solo rústico as construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural** (artigo 53 Decreto 143/2016, do 22 de setembro).

A implantación das ditas actividades resulta admisible no solo rústico **previa obtención da autorización autonómica urbanística** (artigo 56 e seguintes Decreto 143/2016, do 22 de setembro) e **do título habilitante municipal de natureza urbanística**.

Nos terreos clasificados como **solo rústico de especial protección** deberá solicitarse a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

## Réxime específico nas edificacións tradicionais existentes no solo rústico e no solo de núcleo rural

O artigo 40 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento*, permiten **implantar actividades artesanais nas edificacións tradicionais existentes** en calquera categoría de solo de **núcleo rural ou de solo rústico** antes do 25 de maio do 1975 (*entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urbana*).

En canto ás **obras posibles**, permitirase, sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente ata o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional, debendo obterse o **preceptivo título habilitante municipal de natureza urbanística**.

En todo caso, no **solo rústico de especial protección**, será preciso obter a **autorización ou o informe sectorial favorable** do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

## Réxime específico nas edificacións executadas no solo rústico con licenza urbanística

A disposición transitoria terceira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, permite implantar **actividades artesanais nas construcións executadas no solo rústico ao abeiro da licenza** urbanística, e poderán executarse previa licenza municipal, obras de mellora e reforma e de ampliación da superficie edificada licitamente, cumprindo os seguintes **requisitos**:

- 1. Cando se trate de terreos incluídos no solo rústico de especial protección, deberá obterse a autorización ou informe favorable do órgano coa competencia sectorial correspondente, segundo o indicado no número 2 deste documento.
- 2. Deberán cumprirse as condicións de edificación previstas no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no correspondente planeamento urbanístico.

### ÓRGANO RESPONSABLE

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo)

### DESCRIPCIÓN

I. Deberán ser obxecto de autorización autonómica as seguintes actividades:

- a) Que teñan por obxecto a elaboración de produtos mediante procesos ou técnicas manuais ou auxiliados por instrumentos mecánicos básicos, ou que supoñan unha continuación dos oficios tradicionais, incluídas as desenvoltas por empresas que teñan a condición de empresa artesanal alimentaria conforme ao establecido na normativa sectorial sobre calidade alimentaria.
- b) Que se realicen en talleres individuais ou ben nos que desenvolven as súas funcións un número reducido de persoas, sen que en ningún caso poidan implicar unha actividade industrial.

II. Por actividades complementarias de primeira transformación de produtos derivados do sector primario se entenden aquelas que sirvan de apoio ás explotacións agropecuarias ou forestais, as necesarias para realizar actividades de elaboración e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, así como os servizos complementarios de ditas actividades. Inclúese a transformación de produtos do sector primario, sempre e cando os mencionados produtos se orixinasen, principalmente, nunha ou varias unidades de explotación integradas baixo unha dirección empresarial común.

III. Tanto as actividades artesanais sinaladas como as actividades complementarias de primeira transformación deberán desenvolverse en construcións de reducida dimensión, entendendo por tales aquelas que supoñan unha ocupación máxima de 800 metros cadrados. Despois de xustificación motivada, e sempre que a materia prima que se vaia transformar sexa un dos eixes de desenvolvemento local e que pola súa natureza sexa necesario localizala no seu contorno, poderá excederse tal dimensión, despois de informe favorable da consellería competente en materia de desenvolvemento rural.

IV. Estas actividades deben gardar unha relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural de que se trate. Esta circunstancia será a que xustifique a localización da actividade que se vai desenvolver no solo rústico.

V. A competencia para o outorgamento da autorización autonómica correspóndelle á persoa titular do órgano competente en materia de urbanismo, e o procedemento axustarase ás seguintes regras:

- a) A persoa promotora deberá presentar a solicitude ante o concello acompañada da documentación que figura no Anexo I.
- b) O concello someterá o expediente a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio que deberá publicarse no taboleiro de anuncios do concello e nun dos xornais de maior difusión no municipio. O anuncio deberá indicar, como mínimo, a localización, o uso solicitado, a altura e ocupación da edificación pretendida e o lugar e horario de consulta da documentación completa.
- c) Ademais, solicitaranse os informes ou autorizacións sectoriais preceptivos.
- d) Concluída a información pública, o concello remitirá o expediente completo tramitado ao órgano competente en materia de urbanismo.  
Transcorrido o prazo de dous meses sen que o concello remita o expediente completo, as persoas interesadas poderán solicitar a subrogación ao órgano competente en materia de urbanismo, que lle reclamará o expediente ao concello e proseguirá a tramitación ata a súa resolución.
- e) O órgano competente en materia de urbanismo poderá requirir do promotor ou promotora a documentación e a información complementaria que considere necesaria ou ben a reparación das deficiencias da solicitude para adaptarse ao disposto na Lei 2/2016 e ao Decreto 143/2016, do 22 e setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve.
- f) O órgano competente en materia de urbanismo examinará a adecuación da solicitude á Lei 2/2016 e aos instrumentos de ordenación do territorio e resolverá no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, esta entenderase outorgada por silencio administrativo.

---

**DOCUMENTACIÓN**

- Solicitud segundo o anexo I.
- Expediente completo tramitado polo concello debidamente dilixenciado (incluíndo alegacións, informes ou autorizacións sectoriais e informes técnico e xurídico municipal).
- Anteproxecto redactado por técnico competente.
- Outra documentación.

---

**OBRIGATORIO**

Si

Nos casos descritos.

---

**PRAZOS**

3 meses

Para a emisión da autorización – Silencio positivo.

---

**TRÁMITE EN LIÑA**

Si

*MT105B Autorización autonómica de usos en solo rústico, previa á obtención do título habilitante municipal.*

---

**NORMATIVA**

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG n.º 34 do 19 de febreiro de 2016).
  - Decreto 143/2016, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG núm. 213 do 9 de novembro de 2016).
-



### 3. REQUISITOS HIXIÉNICO-SANITARIOS.

A normativa xeral sobre os requisitos hixiénico-sanitarios recóllese no Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

Máis especificamente, no Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, hai unha serie de requisitos que veñen recollidos para a sección IX, leite e produtos lácteos.

No artigo 3 do Regulamento 852/2004, se define como operador de empresa alimentaria a aquela persoa física o xurídica responsable de asegurar o cumprimento dos requisitos da lexislación alimentaria, nesta definición entra asemade o titular da empresa de produtos lácteos tradicionais, a produción de alimentos tradicionais non debe comprometer a inocuidade do alimento.

A propia Dirección Xeral de Saúde Pública ten elaborado un procedemento para comprobar o cumprimento dos requisitos ([Guía](#)), do que recollemos unha síntese neste apartado:

Requisitos	Descrición
<b>ORIXE DO LEITE CRU</b>	Acreditación documental da procedencia do leite cru.
<b>REQUISITOS SANITARIOS DAS EXPLOTACIÓNS DE ORIXE</b>	O leite cru e o costro procedentes de animais deben cumprir unha serie de requisitos sanitarios en relación coa brucelose e a tuberculose, permitíndose certas excepcións. O leite cru e o costro procedente de animais que non cumpran os requisitos sanitarios, en particular de calquera animal que mostre unha reacción positiva ás probas profilácticas da tuberculose ou brucelose, non deberán destinarse ao consumo humano. Garantírase documentalmente o status sanitario das explotacións.
<b>CRITERIOS RELATIVOS A XERMES E A CÉLULAS SOMÁTICAS</b>	<p>No que respecta ás explotacións de produción de leite, solicitaranse os boletíns analíticos do LIGAL para comprobar que o leite cumpre os criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xermes a 30°, igual o inferior a 100.000 por ml media xeométrica de mínimo 2 mostras ao mes durante 2 meses</li> <li>• Células somáticas, igual o inferior a 400.000 media xeométrica de mínimo una mostra ao mes durante 3 meses.</li> </ul> <p>Os criterios microbiolóxicos para produtos lácteos tradicionais a base de leite cru de vaca especifícanse no decreto propio e obriga a un mínimo de control cada 3 meses.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para venda directa de leite cru xermes a 30° ≤50.000 e células somáticas (por ml.) ≤300.000 polo menos 1 mostra por mes.</li> </ul>
<b>RESIDUOS DE ANTIBIÓTICOS</b>	Afecta principalmente ao leite en cru, coma materia prima si ten residuos de determinados antibióticos superando os límites autorizados no Regulamento (CE) 470/2009 ou o total combinado de residuos de sustancias supera o valor máximo admisible deberá xestionarse coma subproduto, xa que non se poden superar determinados niveis por materia e/ou de forma conxunta.
<b>INCUMPRIMENTO DO PROTOCOLO DE CONTROL DE INHIBIDORES</b>	O control de inhibidores é fundamental e obrigado ata nas pequenas producións de produtos lácteos, sendo excluído o leite cru con residuos.
<b>REQUISITOS DO LEITE DE VACA INMEDIATAMENTE ANTES DA TRANSFORMACIÓN</b>	<p>Que o leite cru de vaca utilizado para preparar produtos lácteos teña unha concentración de xermes, células somáticas ou antibióticos cumpra coa normativa.</p> <p>Deberá documentarse, segundo o protocolo de Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC), o cumprimento dos requisitos normativos a respecto dos parámetros de calidade.</p> <p>Os operadores de empresa alimentaria de produtos lácteos garantiran que antes do tratamento térmico e tralo período de aceptación fixado no APPCC: o leite de vaca tratado térmicamente utilizado para preparar produtos lácteos teña unha concentración de xermes a 30° C inferior a 100.000 colonias por ml.</p>
<b>TEMPERATURA DESPOIS DA MUXIDURA</b>	Afecta principalmente ao leite en cru, non é directamente aplicable á elaboración de produtos lácteos. Realízanse controis de temperatura. Deberá manterse a cadea de frío en tódolos casos manténdose a temperatura de 6 ou 8° C se non se procesa nas 2 horas trala muxidura.
<b>TEMPERATURA Á CHEGADA AO ESTABLECEMENTO</b>	<p>Durante o transporte deberá manterse a cadea de frío e, cando cheguen ao establecemento de destino, a temperatura do leite e do costro non deberán superar os 10 °C.</p> <p>Rexístranse excepcións tras a muxidura cando se cumpren criterios relacionados cos xermes, células somáticas e residuos de antibióticos. As excepcións están en relación co tempo trala muxidura-2 horas-, ou ata o inicio da transformación antes de 4 horas dende a chegada ou por razóns tecnolóxicas.</p>

---

## TEMPERATURA DO LEITE NO ESTABLECEMENTO ATA SÚA TRANSFORMACIÓN

As persoas operadoras da empresa alimentaria deberán garantir que, cando se reciba nun establecemento de transformación:

- O leite se arrefría rapidamente a unha temperatura que non exceda os 6 °C;
- O costro se arrefría rapidamente a unha temperatura que non exceda os 6 °C ou se mantén conxelado.

Porén, se a transformación se produce antes das catro horas ou por razóns técnicas do proceso de produción - autorizado pola autoridade competente- pode darse unha temperatura máis alta.

---

## ENVASADO E EMBALAXE

O peche dos envases destinados ao consumo deberá efectuarse inmediatamente despois da enchadura, no establecemento en que se leve a cabo o derradeiro tratamento térmico, mediante un dispositivo de peche que impida a súa contaminación.

Na comercialización de leite cru para venda directa o peche dos envases será inmediatamente despois do enchido mediante dispositivo de peche que impida súa contaminación de xeito que unha vez aberto sexa doado comprobar esta circunstancia.

---

## TRATAMENTO TÉRMICO

O tratamento térmico deberá manter todas as partes do produto tratado a unha temperatura concreta durante un período de tempo determinado.

O proceso de tratamento térmico cumprirá as especificacións mencionadas no Regulamento (CE) 853/2004 de pasteurización e UHT, é importante o control dos parámetros das combinacións temperatura/tempo.

Para garantir que o proceso empregado consiga os obxectivos desexados, a empresa deberá controlar regularmente os principais parámetros pertinentes (en particular, a temperatura, a presión, o peche e a microbioloxía), o que poderá facerse mediante o uso de dispositivos automáticos.

---

## TOMADOR DE MOSTRAS NA EXPLOTACIÓN

Afecta principalmente ao leite en cru, non é directamente aplicable á elaboración de produtos lácteos. Na explotación hai unhas mostras mínimas para as comprobacións analíticas que teñen que tomarse igualmente para produtos lácteos tradicionais. As mostras chegarán ao establecemento en condicións de temperatura e conservación axeitadas.

---

## PERSOA TÉCNICA DE CALIDADE DO CENTRO LÁCTEO

A persoa técnica principal de calidade do centro lácteo, as secundarias ou calquera persoa operaria na que se delegue algunha das tarefas deberán ter recibido unha formación axeitada na materia, e esta deberá ser contrastable, e actualizarse cada 4 anos. Os responsables dos controis do centro lácteo realizan axeitadamente as comprobacións previas á descarga de cisternas.

---

## REXISTRO EN LETRA Q

Os establecementos (centros de operación, centros de recollida e de transformación), os contedores (cisternas, silos), os centros de lavado de cisternas de leite cru e os/as axentes que interveñan na manipulación do leite cru de vaca deben de estar rexistrados na base de datos Letra Q do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, onde tamén se rexistrarán no caso do leite cru de vaca os movementos de leite.

Os gandeiros ou gandeiras que transforman o seu propio leite, ao tratarse dunha persoa produtora de venda directa, desde a parte da aplicación que corresponde á rastrexabilidade, non teñen a obriga de gravar movementos, pero estes débense dar de alta como persoas operadoras, cun centro R/T asociado.

---

## IDENTIFICACIÓN DE CONTEDORES

A autoridade competente da Comunidade Autónoma asignaralle un código de identificación individual a cada establecemento, contedor e axente.

Ademais, identificará os contedores mediante unha etiqueta adherida a estes de forma permanente, de maneira que sexa lexible.

As etiquetas adhesivas para a identificación dos contedores de leite deberán estar fabricadas en poliéster e ser impresas por transferencia térmica, co fin de garantir a súa perdurabilidade no tempo; asemade, deberán incorporar un sistema de seguridade co fin de evitar a súa manipulación.



---

## ENVÍO Á DESTRUCCIÓN DE CISTERNAS POSITIVAS A ANTIBIÓTICOS

Se a proba in situ de detección de residuos de antibióticos tomada no centro lácteo resulta non conforme, a cisterna ou o compartimento deberán ser retirados provisionalmente do consumo, poderase descargar nun silo baleiro, e xestionarase como subproduto segundo o Regulamento (CE) 1069/2009.

---

## COMUNICACIÓN Á AUTORIDADE COMPETENTE DAS CISTERNAS ENVIADAS A DESTRUCCIÓN

No caso de que o leite cru non cumpra as disposicións relativas a residuos de antibióticos, as persoas operadoras da empresa alimentaria deberán informar a autoridade competente e adoptar medidas para corrixir a situación.

Nestes casos, a comunicación da xestión do leite como subproduto animal non destinado para consumo humano (SANDACH), será realizada á Consellería de Medio Rural.

---

## ETIQUETAXE

No caso de leite cru destinado a consumo humano directo, empregarase o termo "leite cru".

Existen requisitos para comercialización de leite cru destinada á venda directa ao consumidor referidos a etiquetado: data de caducidade menor o igual a 3 días, e indicación "leite cru sen tratamento térmico, consumir unicamente tras ferver ao menos 1 minuto e conservar en refrixeración entre 1 e 4°C".

No caso de produtos lácteos elaborados con leite cru en cuxo proceso de elaboración non interveña ningún tratamento térmico ou ningún tratamento físico ou químico, empregarase as palabras "elaborado con leite cru".

No caso do costro, a palabra "costro".

No caso dos produtos elaborados con costro, a expresión "elaborado con costro".

---

## MARCACIÓN DE IDENTIFICACIÓN

Sen prexuízo dos requisitos xerais, no caso do leite cru, costro, produtos lácteos e produtos a base de costro:

- En lugar de indicar o número de aprobación do establecemento, a marca de identificación poderá incluír unha referencia ao lugar do envase ou da embalaxe no que figure o número de autorización do establecemento;
- No caso das botellas reutilizables, a marca de identificación poderá indicar unicamente as iniciais do país de consignación e o número de autorización do establecemento.

Conforme ao Regulamento (CE) 853/2004 a marca de identificación será lexible, indeleble e seus caracteres facilmente descifrables e indicará o nome do país no que se ubica o establecemento e o número de autorización do mesmo

---

## CONTROIS DO PRODUTO FINAL

O Regulamento 2073/2005 establece os criterios microbiolóxicos aplicables a determinados produtos alimenticios, entre os que se inclúen varios tipos de leites e produtos lácteos.

As empresas alimentarias realizarán probas, segundo proceda, cos criterios, cando estean validando ou verificando o correcto funcionamento dos procedementos baseados nos principios do APPCC e as prácticas correctas de hixiene. Neste contexto decidirán as frecuencias axeitadas da toma de mostras.

Ademais, cando sexa necesario, as empresas realizarán estudos para investigar o cumprimento dos criterios ao longo da vida útil do alimento.

---

## COMERCIALIZACIÓN DE LEITE CRU PARA VENDA DIRECTA AO CONSUMIDOR

Establecementos que requiren inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos (RGSEAA).

O leite distribuirase envasada, coa etiqueta na que se indiquen data de caducidade, e as condicións de consumo e conservación. O leite cumprira os requisitos de células e xermes específicos e os microbiolóxicos para comercializar leite cru indicados no RD 1086/2020-Anexo V.



4. SOLICITUDE PARA QUE O PROXECTO  
POIDA SER DECLARADO INICIATIVA  
EMPRESARIAL PRIORITARIA

Un procedemento que pode servir para axilizar a tramitación dun proxecto de transformación de produtos lácteos é a **declaración de iniciativa empresarial prioritaria**, sempre e cando reúnan os requisitos exixidos pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Entre os efectos que pode ter a declaración cabe citar os seguintes:

- Daráselle carácter prioritario á realización dos trámites competencia da Administración autonómica relacionados coas iniciativas empresariais prioritarias.
- A existencia dunha declaración como IEP determinará a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos procedementos relacionados.
- A Oficina Doing Business en Galicia realizará o seguimento e impulso dos trámites administrativos posteriores necesarios para a súa implantación.

Polo tanto, ten beneficios evidentes para as persoas promotoras, pero debe darse a circunstancia de que se cumpran, cando menos, **dous dos seguintes requisitos**:

a) Que supoñan un volume de investimento mínimo en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, dun millón de euros, incluíndo aqueles proxectos de xeración eléctrica a partir de fontes renovables nos cales o destino final da enerxía eléctrica producida sexa o abastecemento da industria galega.

b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, non sendo de aplicación para os proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro.

c) Instrumentos de mobilización, recuperación, posta en produción e aproveitamento sustentable de terras agrarias e forestais, así como plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural.

d) Que complementen cadeas de valor ou que pertencen a sectores considerados estratéxicos ou que se integren no financiamento instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU.

O Consello da Xunta de Galicia poderá, mediante acordo, reducir os limiares sinalados nas letras a) e b) cando se trate de iniciativas de emprendemento colectivo ou que contribúan á integración sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión mediante fórmulas empresariais da economía social.

Para a súa tramitación existe un procedemento normalizado (IG300D) que se detalla no cadro resumo seguinte:

## IG300D. Declaración de iniciativa empresarial prioritaria

### ÓRGANO RESPONSABLE

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). Consello da Xunta.

### DESCRIPCIÓN

As persoas físicas e xurídicas que vaian comezar unha actividade, sempre e cando cumpran unha serie de requisitos, poderán solicitar a declaración de iniciativa empresarial prioritaria.

### DOCUMENTACIÓN

- Formulario de solicitude cuberto correspondente ao procedemento en liña.
- Informe detallado da iniciativa proxectada coa acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos pola norma.
- Documentación acreditativa das medidas para instaurar.

### PROCEDEMENTO

- Iniciarase por solicitude da persoa interesada dirixida ao IGAPE, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos.
- O IGAPE poderá solicitar informes das consellerías afectadas, valorará se cumpre cos requisitos e emitirá un informe vinculante, remitindo a solicitude e toda a documentación acreditativa á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
- A declaración será acordada polo Consello da Xunta de Galicia por proposta desta consellería.

**OBRIGATORIO** Non

### PRAZOS

Aberto todo o ano.

**TRÁMITE EN LIÑA** Si

Procedemento IG300D.

**PRESENCIAL** Non

### NORMATIVA

- Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (título IV, artigos 42 e seguintes).



## 5. AUTORIZACIÓN OU COMUNICACIÓN DO INICIO DA ACTIVIDADE

No Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, exíxese que a persoa operadora da empresa alimentaria notifique o desenvolvemento dalgunha actividade na produción, transformación e distribución de alimentos, co fin de proceder ao seu rexistro.

No obstante, no Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, establécese o requisito engadido de autorización pola actividade competente.

As únicas actividades que quedan excluídas do requisito de autorización son as relacionadas no artigo 2.2 do Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos, onde especifica que quedan excluídos da obriga de inscrición no rexistro "os establecementos e as súas empresas titulares no suposto de que exclusivamente manipulen, transformen, envasen, almacenen ou sirvan alimentos para a súa venda ou entrega *in situ* á persoa consumidora final, con ou sen repartición a domicilio, ou a colectividades, así como cando estes subministren a outros establecementos destas mesmas características, e se trate dunha actividade marxinal en termos tanto económicos como de produción, respecto da realizada por aqueles, que se leve a cabo no ámbito da unidade sanitaria local, zona de saúde ou territorio de iguais características ou finalidade que defina a autoridade competente correspondente".

No caso galego, ten relevancia dado que existen microempresas ou explotacións agrarias que elaboran produtos caseiros e só teñen como ámbito de actuación a Comunidade Autónoma de Galicia, e que, ao operaren en circuítos curtos de comercialización, non están obrigadas a inscribirse no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos. Para este tipo de iniciativas existe outro rexistro: o Rexistro galego sanitario de empresas e establecemento alimentarios (REGASA).



Polo tanto, segundo a natureza e alcance da actividade de elaboración de produtos lácteos, podemos diferenciar dous tipos de procedemento:

**1. Autorización de empresas de produtos lácteos.** A través da inscrición no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos. Existe un procedemento normalizado na sede electrónica da Xunta de Galicia (SA451A). Este procedemento é para aquelas iniciativas onde a produción de produtos lácteos é unha das actividades principais e operan en mercados nacionais e internacionais.

**2. Comunicación de inicio de actividade.** Inscrición no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios. O procedemento normalizado para comunicar o inicio de actividade é o SA550A. Para a comunicación de modificación de datos ou cesamento de actividade, existe outro procedemento: SA550B. Tal como se sinalou anteriormente, o dito procedemento está destinado a entidades operadoras que exerzan a actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación, expóñense nuns cadros un resumo destes dous procedementos, debendo ter en conta que, no seu caso, as persoas propietarias de explotacións agrarias elaboradoras de produtos lácteos tradicionais, procederán a presentar solicitude de rexistro de Explotacións Agrarias Elaboradoras de Produtos Lácteos tradicionais (SA646A), ante a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da provincia correspondente.

## AUTORIZACIÓN DE EMPRESAS DE PRODUCTOS LÁCTEOS

### SA451A. Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos (RXSEAA)

<b>ÓRGANO RESPONSABLE</b>	Xefatura Territorial. Servizo de Control de Riscos Ambientais. Consellería de Sanidade.
<b>DESCRICIÓN</b>	As persoas representantes ou titulares das empresas deberán inscribirse para recibir a autorización para o establecemento de alimentación conforme cumpren cos regulamentos técnico-sanitarios, incluíndo os relativos aos procesos de elaboración e produtos rematados.
<b>DOCUMENTACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Solicitud (segundo o modelo do anexo I).</li><li>• Memoria técnica (segundo o modelo do anexo II).</li><li>• Planos de situación.</li><li>• Planos das instalacións.</li><li>• Deseño das etiquetas.</li><li>• Recibo de subministracións de auga.</li><li>• Recibo de recollida de lixo.</li><li>• Xustificación de pagamento das taxas correspondentes.</li></ul> <p>Esta documentación presentárase tamén telematicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.</p>
<b>OBRIGATORIO</b>	Si
<b>PRAZOS</b>	Durante todo o ano.
<b>RESOLUCIÓN</b>	3 meses.
<b>SILENCIO</b>	Positivo.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si Procedemento SA451A.
<b>PRESENCIAL</b>	Si Nas xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.
<b>NORMATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos. Texto consolidado. Artigo 6.</li><li>• Orde do 28 de xullo de 2016 pola que se adaptan e habilitan electronicamente os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Sanidade.</li></ul>

### TAXA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO XERAL SANITARIO DE EMPRESAS ALIMENTARIAS E ALIMENTOS

<b>ÓRGANO RESPONSABLE</b>	Axencia Tributaria de Galicia.
<b>DESCRICIÓN</b>	Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa co código 300200. Tarifas vixentes de taxas.
<b>DOCUMENTACIÓN</b>	Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.

<b>OBRIGATORIO</b>	Si	Requisito documental previo para a autorización de apertura e clasificación turística.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	Oficina Virtual Tributaria.
<b>PRESENCIAL</b>	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubrilo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>

## COMUNICACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADE

### SA550A - Comunicación de inicio de actividade para a inscrición no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (REGASA)

<b>ÓRGANO RESPONSABLE</b>		Xefatura Territorial. Servizo de Control de Riscos Ambientais. Consellería de Sanidade.
<b>DESCRICIÓN</b>		Inscrición para entidades operadoras que teñan a sede, domicilio, axencia ou exerzan actividade comercial na Comunidade Autónoma de Galicia. Este rexistro está destinado a aquelas persoas promotoras que non requiren autorización pero están obrigadas a notificar o comezo da súa actividade. Relaciónase coa actividade alimentaria en establecementos 9701 (PLT produtos lácteos tradicionais) e xeadarías.
<b>DOCUMENTACIÓN</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Solicitud (segundo o modelo do anexo 1).</li> <li>Xustificante acreditativo do pagamento da taxa de inscrición.</li> <li>Copia do documento acreditativo da representación, no caso de actuar mediante representación.</li> </ul> <p>Esta documentación presentárase tamén telematicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.</p>
<b>OBRIGATORIO</b>	Si	
<b>PRAZOS</b>		Durante todo o ano
<b>RESOLUCIÓN</b>		A comunicación de inicio de actividade será condición única e suficiente para a inscrición no REGASA.
<b>SILENCIO</b>		Non especificado.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	Procedemento SA550A.
<b>PRESENCIAL</b>	Si	Nas xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios. Artigos 5 e 6.</li> <li>Decreto 173/2019, do 26 de decembro, polo que se modifica o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios.</li> </ul>

<b>ÓRGANO RESPONSABLE</b>		Axencia Tributaria de Galicia.
<b>DESCRIPCIÓN</b>		Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa co código 300200. Tarifas vixentes de taxas.
<b>DOCUMENTACIÓN</b>		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
<b>OBRIGATORIO</b>	Si	Requisito documental previo para a autorización de apertura e clasificación turística.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	Oficina Virtual Tributaria.
<b>PRESENCIAL</b>	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubrilo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>

No caso de haber cambios nos datos comunicados ou cesamento desa actividade, sería preciso notificarllo ao Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios. Hai un procedemento normalizado para realizar esta actividade (SA550B).

**SA550B - Comunicación de modificación de datos/cesamento da actividade no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (REGASA)**

<b>ÓRGANO RESPONSABLE</b>		Xefatura Territorial. Servizo de Control de Riscos Ambientais. Consellería de Sanidade.
<b>DESCRIPCIÓN</b>		Inscripción para entidades operadoras que teñan a sede, domicilio, axencia ou exerzan a actividade comercial na Comunidade Autónoma de Galicia. Este rexistro está destinado para aquelas entidades promotoras que non requiren autorización pero están obrigadas a comunicar o comezo da súa actividade.
<b>DOCUMENTACIÓN</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Solicitud (segundo o modelo do anexo II).</li> <li>Xustificante acreditativo do pagamento da taxa de modificación ou cesamento.</li> <li>Copia do documento acreditativo da representación, no caso de actuar mediante ela.</li> </ul>
<b>OBRIGATORIO</b>	Si	
<b>PRAZOS</b>		Durante todo o ano.
<b>RESOLUCIÓN</b>		Non especificado.
<b>SILENCIO</b>		Non especificado.

<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	Procedemento SA550B.
<b>PRESENCIAL</b>	Si	Nas xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios. Artigo 6.</li> <li>Decreto 173/2019, do 26 de decembro, polo que se modifica o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios.</li> </ul>

## TAXA DE MODIFICACIÓN DE DATOS/CESAMENTO DA ACTIVIDADE NO REXISTRO GALEGO SANITARIO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS

<b>ÓRGANO RESPONSABLE</b>		Axencia Tributaria de Galicia.
<b>DESCRIPCIÓN</b>		Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa co código 300200. (Modificación ou cesamento). Tarifas vixentes de taxas.
<b>DOCUMENTACIÓN</b>		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
<b>OBRIGATORIO</b>	Si	Requisito documental previo para a autorización de apertura e clasificación turística.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	Oficina Virtual Tributaria.
<b>PRESENCIAL</b>	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubrilo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>



## 6. PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DE PRODUTO ARTESANAL

Este procedemento é opcional e vai destinado a obter a catalogación dos produtos lácteos como produtos artesanais. **Ademais, no momento da elaboración deste catálogo non están publicadas as normas que delimitan as condicións técnicas dos produtos derivados do leite, polo que as empresas que queiran adoptar esta cualificación deberán esperar a que sexan publicadas.**

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.17, atribúelle a esta comunidade autónoma galega a competencia exclusiva en materia de artesanía, e o artigo 30.4 atribúelle competencias exclusivas, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de comercio interior e a defensa das persoas consumidoras e usuarias.

No Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria, defínese o marco para que os produtos alimentarios poidan acceder ao Rexistro da artesanía alimentaria e, posteriormente, ser catalogados como produto artesanal. No anexo 1 do decreto identifícase o grupo de derivados lácteos, concretamente os produtos:

- Queixo.
- Iogur e leites fermentados.
- Manteiga.
- Callada.
- Requeixo.
- Xeados.



Entre os requisitos, ademais dos técnicos indicados para a produción artesanal reflectidos no artigo 6 do decreto, as empresas artesanais alimentarias deben cumprir os seguintes:

- Os seus procesos de elaboración deberán ser manuais, admitíndose non obstante un certo grao de mecanización en operacións parciais e, en todo caso, deberase orixinar un produto final individualizado. As normas técnicas que se aproben para cada tipo de produto establecerán o grao de mecanización admisible nas operacións parciais.
- A responsabilidade e a dirección do proceso de produción deberán recaer nunha persoa ou varias persoas artesás alimentarias, cuxa intervención na execución do traballo será directa e persoal.
- As empresas artesanais suxeitaranse aos límites de volume de produción dos seus produtos artesanais que se concreten na norma técnica.
- No caso de empresas artesanais alimentarias deberán estar inscritas no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos, salvo nas explotacións agrarias produtoras de produtos artesanais caseiros radicadas en Galicia, as cales se inscribirán no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos (REGASA).
- No caso de que unha mesma empresa teña unha parte da súa produción que sexa artesanal e outra que non cumpra os requisitos para ter tal consideración, os procesos produtivos dos produtos artesanais desenvolveranse de forma separada e diferenciada. Así mesmo, a empresa deberá dispoñer dunha rastrexabilidade dos produtos artesanais e das súas materias primas diferenciada do resto dos produtos que produza ou elabore.

No referente ás explotacións agrarias produtoras de produtos artesanais, no artigo 10 establécense requirimentos específicos. Tamén se recollen requisitos específicos no caso das microempresas.

Hai un procedemento normalizado (MR400B) para a inscrición no Rexistro da artesanía alimentaria, do que se expón a continuación un cadro resumo:

**ÓRGANO RESPONSABLE**

Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal). Consellería de Medio Rural.

**DESCRIPCIÓN**

As empresas artesanais alimentarias inscribíranse no Rexistro da artesanía alimentaria para seren facultadas a usar os distintivos identificadores de artesanía alimentaria nos produtos que cumpran na súa elaboración o establecido neste decreto e na norma técnica correspondente.

**DOCUMENTACIÓN**

- Declaración responsable (segundo o modelo do anexo III). A dita declaración manifestará que se cumpre cos requirimentos que se establecen para as empresas alimentarias e, de ser o caso, para as explotacións agrarias que comercialicen produtos artesanais.
- Xustificante do ingreso da taxa de inscrición no Rexistro da artesanía alimentaria.
- Unha vez presentada a declaración responsable, poderá requirirse a seguinte documentación:
  - a) Memoria explicativa que inclúa a información relevante sobre os seguintes aspectos:
    - ... Produtos que se pretenden elaborar de xeito artesanal, con indicación das súas características e formas de presentación, así como as cantidades anuais de produción estimada.
    - ... Materias primas que se van empregar, con indicación da súa procedencia e características de calidade, así como información sobre o seu manexo e sobre as cantidades de consumo anual estimadas.
    - ... Procesos produtivos que se van empregar, con especificación das operacións que se farán manualmente e as que se mecanizarán, indicando as características de cada unha das máquinas e equipamentos que se vaian utilizar.
    - ... Sistemática da rastrexabilidade que se vai implantar para o seguimento e control dos procesos produtivos.
    - ... Especificación da forma de dirección do proceso de produción, con indicación da persoa ou persoas artesás responsables desta.
    - ... Marca ou marcas comerciais que se van utilizar e bosquejos das etiquetas.
    - ... Especificación das principais canles de venda e da área xeográfica onde se comercializará o produto ou produtos. No caso dos produtos artesanais caseiros, a comercialización deberá ser no mercado local, directamente á persoa consumidora final ou cunha única persoa intermediaria.
    - b) Plano de situación e planos ou bosquejos cotados da planta dos locais de elaboración, nos cales se recollerá a distribución da maquinaria e equipamentos utilizados.
- No caso de que a persoa que presenta a declaración responsable queira inscribirse como explotación agraria produtora de produtos artesanais caseiros, unha vez presentada a declaración responsable poderá exixírselle que presente unha memoria que inclúa:
  - ... O código da explotación da cal é titular, que terá a condición de explotación agraria prioritaria.
  - ... Os datos de situación, superficie, principais cultivos e número de cabezas de gando con que conta.
  - ... As producións anuais estimadas daqueles produtos que van ser utilizados como materias primas para a elaboración de produtos artesanais caseiros.
- No caso de querer inscribirse como microempresa artesanal alimentaria, poderá exixírselle que presente a documentación que acredite que dispón de tal consideración a través de:
  - ... Informe de vida laboral da empresa.
  - ... Imposto de sociedades no caso de que a titularidade da empresa recaia nunha persoa xurídica.

**OBRIGATORIO**

Non

**PRAZOS**

Durante todo o ano.

**RESOLUCIÓN**

Tres meses.

<b>SILENCIO</b>		Non especificado.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	Procedemento MR400B.
<b>PRESENCIAL</b>	Non	
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria. Artigos 15 e 16.</li> </ul>

## TAXA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DA ARTESANÍA ALIMENTARIA

<b>ÓRGANO RESPONSABLE</b>		Axencia Tributaria de Galicia.
<b>DESCRICIÓN</b>		Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa co código 300200. (Inscrición). Tarifas vixentes de taxas.
<b>DOCUMENTACIÓN</b>		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
<b>OBRIGATORIO</b>	Si	Requisito documental previo para a autorización de apertura e clasificación turística.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	Oficina Virtual Tributaria.
<b>PRESENCIAL</b>	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubrilo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>

No propio Decreto 174/2019 establécense outros procedementos relacionados co Rexistro da artesanía alimentaria, como a declaración para o exercicio da actividade artesanal para particulares, as modificacións das condicións de inscrición e a baixa de actividade:

- Persoa artesá alimentaria. Procedemento MR400A (cumprimento das condicións como persoa artesá alimentaria).
- Modificacións. Procedemento MR400C (modificación das condicións de inscrición no Rexistro da artesanía alimentaria).
- Baixa de actividade. Procedemento MR400D (baixa no Rexistro da artesanía alimentaria).

## AUTOCONTROL E RASTREXABILIDADE NAS EMPRESAS ARTESANAIS

A empresas estarán suxeitas ao cumprimento das condicións técnicas que se establezan para a produción artesanal, de acordo co que dispoñan as súas normas técnicas de referencia.

Dependendo da tipoloxía de empresa artesanal, todas deben cumprir unha serie de requisitos, que comentamos anteriormente, relacionados cos procesos de elaboración, a dirección da empresa ou o volume de produción. Correspóndelles ás propias entidades exercer o seu control, sen prexuízo das comprobacións que poida facer a Administración sobre o proceso ou o cumprimento dos requisitos hixiénico-sanitarios. Cómpre indicar que neste último caso se recolle unha flexibilización destes para as microempresas artesanais alimentarias e as explotacións agrarias elaboradoras de produtos caseiros.

O control do cumprimento das especificacións da artesanía alimentaria, para as persoas ou entidades operadoras galegas, corresponderalle á Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal). Este control versará sobre as condicións de autorización do rexistro, o cumprimento das normas técnicas e a correcta comercialización e identificación dos produtos no mercado.

As empresas deben exercer autocontrois sobre as materias primas, procesos e produtos, de xeito que lle permitan garantir á persoa consumidora as adecuadas condicións hixiénico-sanitarias da produción. Deberán ter procedementos que posibiliten a rastrexabilidade dos produtos na cadea de produción, sobre todo se realizan outro tipo de produción diferente da artesanal. Tamén se levará unha contabilidade específica e diferenciada para esta produción, que estará xustificada documentalmente.

É necesario identificar cun rexistro as entradas/saídas de diferentes aspectos para exercer o control:

- As persoas físicas ou xurídicas que actúen como provedoras de materias primas, aditivos, coadxuvantes ou outras materias.
- A natureza e as cantidades de todas as materias ou materiais adquiridos ou de produción propia, e a utilización que se fixer deles.
- A natureza e as cantidades de produtos terminados almacenados.
- A data de produción ou elaboración e o tempo de curación, maduración ou crianza, segundo o caso.
- As persoas físicas ou xurídicas que actúen como clientes, exceptuadas as persoas consumidoras finais, de calquera dos produtos artesanais.
- Outros datos que, de ser o caso, se especifiquen na norma técnica correspondente ou noutras normas que desenvolvan este decreto.

A maiores os produtos terminados deberán estar sempre identificados, de maneira que se poida garantir a súa rastrexabilidade. Se o produto non cumpre, é competencia da empresa a súa retirada do mercado e informar a Agacal.

As empresas comunicaranlle a Agacal as sancións graves ou moi graves en materia de sanidade, protección das persoas consumidoras ou defensa da calidade alimentaria.

As empresas permitirán que Agacal poida realizar controis nos seus locais, establecementos, contas, ou outra información que se considere pertinente.

7. AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL  
SIMPLIFICADA E DECLARACIÓN DE  
INCIDENCIA AMBIENTAL

As empresas de transformación de produtos lácteos poden ter que realizar previamente unha avaliación de impacto ambiental simplificada ou unha avaliación de incidencia ambiental nos seguintes casos:

1. Instalacións industriais para a fabricación de produtos lácteos cando a instalación reciba unha cantidade de leite superior a 200 toneladas por día (valor medio anual). Tal como se establece no anexo II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, deberán realizar unha avaliación de impacto ambiental simplificada. No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, existe un procedemento normalizado (MT201U) para realizar este trámite.

2. Tratamento e transformación só do leite, cunha cantidade de leite recibida de entre 20 e 200 toneladas por día (valor medio anual). Aparece recollido no anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, como unha actividade suxeita a solicitar a declaración de incidencia ambiental. Tamén existe un procedemento normalizado (MT900A). A declaración de incidencia ambiental pode establecer, se procede, as medidas preventivas, correctoras ou de restauración que deberán observarse na implantación, desenvolvemento e cesamento de actividade.

## MT201U. Inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada

### ÓRGANO RESPONSABLE

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

### DESCRIPCIÓN

A avaliación ambiental estratéxica constitúe o proceso a través do cal se analizan os efectos ambientais significativos que ten ou pode ter un plan ou programa antes da súa aprobación.

O procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica conclúe coa emisión por parte do órgano ambiental do informe ambiental estratéxico, que pode determinar ben que o plan ou programa ten efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, debe someterse a unha avaliación estratéxica ordinaria, ou ben que o plan non ten efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, pode adoptarse ou aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

### DOCUMENTACIÓN

- Solicitud (segundo o modelo do anexo XXI).
- Documento ambiental estratéxico, co contido mínimo que sinala o artigo 29.1 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, concretamente:
  - a. Os obxectivos de planificación.
  - b. O alcance e contido do plan proposto e as súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.
  - c. O previsible desenvolvemento do plan ou programa.
  - d. Unha caracterización da situación ambiental antes do desenvolvemento do plan ou programa no territorio afectado.
  - e. Os previsibles efectos ambientais e, se é o caso, a súa cuantificación.
  - f. Os efectos previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais concorrentes.
  - g. A motivación para a aplicación do procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica.
  - h. Un resumo dos motivos para a selección das alternativas contempladas.
  - i. As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante sobre o medio ambiente da aplicación do plan ou programa, tendo en conta o cambio climático.
  - j. Unha descrición das medidas previstas para o seguimento ambiental do plan.
- Borrador do plan.
- Cartografía dixital en formato vectorial, compatible co SIX, segundo as instrucións técnicas recollidas en: [http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT\\_Avaliacion\\_ambiental](http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental).

**OBRIGATORIO** Si

### PRAZOS

Durante todo o ano.

### RESOLUCIÓN

2 meses unha vez realizado o trámite de consultas.

### SILENCIO

Negativo.

**TRÁMITE EN LIÑA** Si

Procedemento MT201U.

**PRESENCIAL** Si

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**NORMATIVA**

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Artigo 29. Anexo II.

## DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

### MT900A. Declaración de incidencia ambiental

**ÓRGANO RESPONSABLE**

Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**DESCRIPCIÓN**

As actividades ás cales non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que están incluídas no anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación de inicio de actividade.

**DOCUMENTACIÓN**

- Solicitud (segundo o modelo do anexo II).
- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Para solicitudes formuladas en nome ou representación de persoas físicas ou xurídicas, documentación acreditativa da representación.
- Proxecto técnico redactado por persoal técnico competente na materia.
- Memoria descritiva da actividade co contido que se indica no artigo 34.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, concretamente:
  - a. Os aspectos básicos relacionados coa actividade, a súa localización e as repercusións no medio ambiente.
  - b. Os tipos e cantidades de residuos, verteduras e emisións xerados pola actividade e a xestión prevista para eles.
  - c. Os riscos ambientais que poden derivar da actividade.
  - d. A proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol do impacto ambiental.
  - e. As técnicas para restaurar o ambiente afectado e o programa de vixilancia da zona restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento da actividade.
  - f. Os datos que a xuízo da persoa solicitante gozan de confidencialidade protexidos pola normativa vixente.
- Acreditación do aboamento da correspondente taxa pola solicitude de emisión da declaración de incidencia ambiental.
- Outra documentación complementaria que se considere de interese.

**OBRIGATORIO**

Si

**PRAZOS**

Durante todo o ano.

**RESOLUCIÓN**

2 meses.

**SILENCIO**

Negativo.

**TRÁMITE EN LIÑA**

Si

Procedemento MT900A.



<b>PRESENCIAL</b>	Si	Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Artigos 34-36. Anexo.</li> </ul>

## TAXA DE DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

<b>ÓRGANO RESPONSABLE</b>		Axencia Tributaria de Galicia.
<b>DESCRIPCIÓN</b>		Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa co código 327800. (Solicitud de emisión da declaración de incidencia ambiental). Tarifas vixentes de taxas.
<b>DOCUMENTACIÓN</b>		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
<b>OBRIGATORIO</b>	Si	Requisito documental previo para a autorización de apertura e clasificación turística.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	Oficina Virtual Tributaria.
<b>PRESENCIAL</b>	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubrilo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>

Asemade, aquelas instalacións nas que se desenvolva algunha das actividades industriais incluídas no Anexo I do RDL 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación e que, no seu caso, alcancen os limiares establecidos, estarán sometidas a Autorización Ambiental Integrada. Este anexo, suxeita a esta autorización, entre outras, ás instalacións nas que se superen os seguintes limiares:

***b) Tratamento e transformación, diferente do mero envasado, das seguintes materias primas, tratadas ou non previamente, destinadas á fabricación de produtos alimenticios ou pensos a partir de:***

i) Materia prima animal (que non sexa exclusivamente o leite) dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 75 toneladas/día;

(...)


iii) só materias primas animais e vexetais, tanto en produtos combinados como por separado, cunha capacidade de produción de produtos acabados en toneladas por día superior a:

– 75 se A é igual ou superior a 10, ou –  $[300 - (22,5 \times A)]$  en calquera outro caso,

onde «A» é a porción de materia animal (en porcentaxe do peso) da capacidade de produción de produtos acabados.

O envase non se incluíra no peso final do produto.

A presente subsección non será de aplicación cando a materia prima sexa só leite.



**c) Tratamento e transformación soamente do leite, cunha cantidade de leite recibido superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).**

Esta autorización precederá, en todo caso, á construción, montaxe ou traslado das instalacións, e adaptarase ás modificacións que se produzan nas instalacións. Debendo ter en conta a persoa promotora que o outorgamento da autorización ambiental integrada, así como a súa modificación e revisión precederá, se for o caso, aos demais medios de intervención administrativa na actividade dos cidadáns.

Cando polas características do proxecto a persoa promotora se atope nalgún dos supostos mencionados, poderá ampliar información nas seguintes ligazóns:

### FORMULARIOS SEDE ELECTRÓNICA

**MT201X AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MT201X&ano=2020&numpub=1&lang=gl>

**MT201Y AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA E AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MT201Y&ano=2020&numpub=1&lang=gl>

### TAXAS ADMINISTRATIVAS

32.57.01 Expedición e modificación substancial da autorización ambiental integrada

32.57.02 Baixa ou transmisión de titularidade da autorización ambiental integrada

## 8. TRAMITACIÓN MUNICIPAL

## POSIBILIDADE DE PRESENTAR CONSULTAS PREVIAS ANTE O CONCELLO

No relativo aos trámites municipais que terá que realizar a persoa promotora, o primeiro que deberá ter en conta, como sinalamos ao comezo, é a necesidade de consultar, con carácter previo, a normativa que teña sido aprobada polo concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas promotoras teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, que deberán ir acompañadas de todos aqueles datos e documentos que permitan identificar claramente a información que lle requiren.

## ABOAMENTO DOS TRIBUTOS QUE PROCEDAN, DE SER O CASO

Resulta especialmente relevante neste momento **consultar as ordenanzas fiscais** do concello, para os efectos de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, fosen obxecto de acordo de imposición, debendo destacar os seguintes:

### Aboamento da taxa de outorgamento de licenza/ presentación de comunicación previa

#### XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

#### DESCRIPCIÓN

As entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

- Outorgamento das licenzas urbanísticas exixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outros supostos vinculados á prestación de servizos ou á realización de actividades administrativas de competencia local.

En todo caso deberá consultarse a normativa local aplicable.

#### DOCUMENTACIÓN

Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

#### OBRIGATORIO

Si

Naqueles municipios en que se acordase a súa imposición.

#### TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

#### NORMATIVA

- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Ordenanzas fiscais do concello.

## Aboamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

### XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

### DESCRIPCIÓN

- O ICIO é un tributo indirecto, de imposición potestativa, cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se exixa obter a correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licenza, ou para a que se exixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.
- Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas propietarias da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarias do inmovible sobre o que se realice aquela, é dicir, quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.
- A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra (custo de execución material), nos termos recollidos na normativa de facendas locais, e o tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que este tipo poida exceder o catro por cento.
- O concello poderá establecer bonificacións potestativas sobre a cota deste imposto, entre as que cabe destacar a posible existencia, se así se regula nas ordenanzas fiscais municipais, dunha bonificación de ata o 95 por cento da cota a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias vinculadas, entre outros factores, ao fomento do emprego.
- O concello poderá exixir a autoliquidación por parte do suxeito pasivo ou o seu substituto.

En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.

### DOCUMENTACIÓN

Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

### OBRIGATORIO

Si

Naqueles municipios en que se acordase a súa imposición.

### TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

### NORMATIVA

- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Ordenanza fiscal do concello en cuestión.

Non obstante, a persoa promotora deberá consultar, para o seu coñecemento, os elementos doutros tributos municipais relacionados co posterior exercicio da actividade, que non se abordan neste catálogo, como poden ser o imposto sobre actividades económicas ou o imposto sobre bens inmobles, entre outros.

## OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Na maior parte dos casos, o inicio da actividade precisará de obras que permitan a súa realización, ou que adecúen o establecemento físico onde esta se vai realizar ás características propias da actividade. De atoparse neste suposto, o primeiro que a persoa promotora deberá saber é que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo requiren, para o seu lícito exercicio, **de outorgamento de licenza municipal ou de presentación de comunicación previa no concello**, en función do acto de que se trate.

### XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

### DESCRIPCIÓN

Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A primeira ocupación dos edificios.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística.

### DOCUMENTACIÓN

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por persoa técnica competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará a/as persoas técnicas ás cales se lles teñen encomendadas.
- Cando non sexa exixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.
- No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada.
- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude da licenza, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

<b>PRAZO</b>		As peticións de licenza resolveranse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Non obstante, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello.
<b>OBRIGATORIO</b>	Si	Nos casos en que resultase preceptiva en función do acto que se pretenda realizar.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.</li> <li>• Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.</li> <li>• Lei 9/2021, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.</li> <li>• Ordenanzas municipais aplicables.</li> </ul>

## Comunicación previa para a realización de obras

<b>XESTIÓN DO TRÁMITE</b>	Administración local.
<b>DESCRICIÓN</b>	<p>Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A execución de obras ou instalacións menores.</li> <li>• A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.</li> <li>• O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.</li> <li>• A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.</li> <li>• A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.</li> <li>• As actividades extractivas de minerais, líquidos, e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.</li> <li>• A instalación de invernadoiros.</li> <li>• A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.</li> <li>• Os cerramentos e valados de predios.</li> </ul>
<b>DOCUMENTACIÓN</b>	<p>A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.</li> <li>• Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible.</li> <li>• Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.</li> <li>• Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles á persoa solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.</li> </ul>

- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.
- Data de inicio e finalización das obras.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

## PRAZO

No caso das comunicacións previas urbanísticas, a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicarlle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data na que pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que conteña, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas, comunicándollas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de 15 días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto que constitúa o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.<sup>1</sup>

<b>OBRIGATORIO</b>	Si	Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.
--------------------	----	--

<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
------------------------	----	---

## NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021 de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Antes de presentar a solicitude de licenza ou de presentar a comunicación previa urbanística, a persoa promotora deberá ter en conta os seguintes aspectos:

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixirase que a persoa promotora dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte da persoa titular do dominio público.

<sup>1/</sup> Artigo 54.5 da Lei 9/2021 de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.



- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes.

Neste senso, cómpre reiterar que no suposto de que a actividade artesanal se emprace en **solo rústico de especial protección**, de conformidade co establecido no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, e dos artigos 51.2 e 63.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Asemade, ao tratarse de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, establécese un réxime específico<sup>2</sup>, que determina que a persoa promotora **deberá consignar expresamente esa circunstancia** e, xunto coa solicitude de licenza de obra ou coa comunicación previa, presentará a seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para recibir notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade, de ser o caso, subscrita por técnica ou técnico competente, en que manifesta que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Así, nos casos en que concorran estas dúas circunstancias –a realización da actividade e a execución de obras para o exercicio desta–, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse, nun primeiro momento, en relación coa actividade a que vaia destinada a obra, suspendendo toda actuación administrativa en relación con esta, mentres a persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.

Logo de rematar a obra, presentarase **comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento** sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por persoal técnico competente, así como cando proceda o certificado acústico<sup>3</sup>.

2 / Artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia; artigo 11.2 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos; e artigo 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3 / Artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

## Comunicación previa para o inicio da actividade tras a realización de obras

<b>XESTIÓN DO TRÁMITE</b>		Administración local.
<b>DESCRUCIÓN</b>		Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.
<b>DOCUMENTACIÓN</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Datos de identificación da persoa titular.</li> <li>• Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada.</li> <li>• Certificado final de obra asinado por persoal técnico competente.</li> <li>• Certificado acústico (cando proceda).</li> </ul> <p>Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.</p>
<b>OBRIGATORIO</b>	Si	A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.
<b>TRÁMITE EN LIÑA</b>	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
<b>NORMATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.</li> <li>• Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.</li> <li>• Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.</li> <li>• Ordenanzas municipais aplicables.</li> </ul>

## PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓN PREVIA AO INICIO DA ACTIVIDADE SEN REALIZACIÓN DE OBRAS

Nos casos en que non fose necesaria a realización de obras para o inicio da actividade, tras efectuar os trámites sectoriais oportunos en función do tipo de actividade de que se trate, a persoa promotora deberá saber que, con carácter xeral, a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial ou profesional require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa ante o concello en que se pretenda desenvolver a actividade ou abrir o establecemento.

## Comunicación previa para o inicio da actividade sen realización de obras previas

<b>XESTIÓN DO TRÁMITE</b>		Administración local.
---------------------------	--	-----------------------

## DESCRIPCIÓN

A instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa coas seguintes excepcións:

- Exercicio de actividades e a apertura de establecementos sometidos a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación.
- Exercicio de actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.

## DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, suscrita por persoa técnica competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.

Se para o desenvolvemento da actividade ou a apertura do establecemento é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

## OBRIGATORIO

Si

No caso da apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso.

En todo caso, a persoa titular da actividade deberá dispoñer dunha copia selada da comunicación previa e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.

## TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

A presentación dunha comunicación previa, que cumpra os requisitos exixidos, habilita desde o mesmo momento da presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, ou desde a data que a persoa interesada nela sinala expresamente, sen prexuízo das facultades dos concellos para o establecemento e planificación das actuacións de verificación e control posterior.

Unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:

- A súa propia competencia.
- Se se trata do medio de intervención legalmente indicado para a actividade ou o establecemento.
- Se a comunicación previa contén os datos e a documentación exixidos.

Se os datos ou a documentación presentados coa comunicación previa están incompletos ou teñen calquera outra deficiencia emendable, o concello concederalle á persoa que a presentou un prazo de reparación de 10 días. Non obstante, no caso de que as deficiencias detectadas non resulten corrixibles ou non se rectifiquen no prazo outorgado, ou cando o concello determine que non lle corresponde a competencia para a recepción da comunicación previa ou que a actividade ou establecemento a que esta se refire está sometido a outro réxime de intervención administrativa, iníciarase de oficio o procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa.

Esta actuación de verificación será potestativa para o concello naqueles supostos en que a documentación achegada inclúa un certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal, sen prexuízo de que se poidan realizar en calquera momento, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, as actuacións de inspección e control da actividade ou do establecemento que sexan necesarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa que resulte de aplicación.

### Certificados emitidos polas entidades de certificación de conformidade municipal

#### ÓRGANO RESPONSABLE

Entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom).

#### DESCRIPCIÓN

Son aquelas entidades de dereito privado que, despois de seren autorizadas pola Administración autonómica, tendo capacidade plena de obrar e actuando baixo a súa responsabilidade, se constitúan coa finalidade de desenvolver en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa aplicable no ámbito municipal.

O contido dos certificados de conformidade non ten carácter vinculante para os servizos técnicos municipais nin para os órganos municipais con competencia na materia, e en ningún caso substituirá as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción.

#### OBRIGATORIO

Non

As persoas interesadas en presentar unha comunicación previa ou unha solicitude de licenza ante a Administración municipal poden dirixirse á entidade da súa elección, dentro das que estean habilitadas para desenvolver actuacións de certificación de conformidade municipal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de solicitar a realización da función de certificación de conformidade respecto da instalación, establecemento, actividade ou obra que vaia ser obxecto da comunicación previa ou da solicitude de licenza.

A relación entre as persoas que soliciten a realización da función de certificación de conformidade e as entidades de certificación de conformidade municipal estará suxeita ao dereito privado.

#### CONSULTA

Si

Rexistro de entidades de certificación de conformidade municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

## NORMATIVA

- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

## CAMBIOS DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE OU ESTABLECEMENTO.

O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento deberá comunicárselle por escrito ao concello, de forma que, neste caso, sen prexuízo do que determine a normativa local aplicable en cada caso, a comunicación previa deberá incluír unicamente:

- Os datos identificativos da nova persoa titular.
- A referencia do título habilitante inicial e, de ser o caso, dos que se tramitasen para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento.

A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladaráselle á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade.



## 9. ANEXO.

## ACREDITACIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOA ARTESÁ

Para poder exercer a actividade da artesanía alimentaria, é un requisito que exista unha persoa física acreditada que poida exercer a dirección desa empresa. Para obter a condición de persoa artesá alimentaria, deberá xustificar un mínimo de tres anos de experiencia acumulada na actividade de elaboración de alimentos de derivados lácteos en empresas que adecúen o seu funcionamento aos principios da produción artesá. A dita experiencia deberá ter sido adquirida pola participación directa e persoal nos procesos de elaboración destes produtos alimentarios conforme procedementos que se poidan asimilar á produción artesá, que se regula no decreto de artesanía alimentaria. Non se exixirá que esta experiencia fose adquirida de forma continuada no tempo.

A verificación do cumprimento do requisito será realizado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Esta experiencia poderá reducirse a un ano se se acredita ter realizados cursos ou outras actividades de formación directamente relacionados coa materia, con duración acumulada ou total igual ou superior a 250 horas e validados por Agacal.

Para acreditar esta situación, existe un procedemento normalizado que é o procedemento MR400A.

Para obter a condición de persoa artesá, a persoa interesada presentará ante a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, e conforme o modelo do anexo II, unha declaración responsable de que cumpre o requisito de experiencia comentado anteriormente.

As declaracións presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

A presentación da declaración responsable e acreditación da condición de persoa artesá ten unha serie de efectos:

- A presentación da declaración responsable de que se cumpren os requisitos establecidos neste decreto habilita desde o momento da dita presentación para obter a condición de persoa artesá alimentaria e para o exercicio da súa actividade como tal, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ten atribuída Agacal, que lle entregará á persoa interesada, se é o caso, a carta de persoa artesá.
- A carta de persoa artesá acredita a súa condición, e expedirase no prazo máximo de 3 meses contados desde a entrada da declaración responsable no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Nela figurará o grupo ou grupos de actividades para as cales a persoa interesada goza da condición de persoa artesá.



Este documento é redactado, con fins meramente informativos, pola Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información presente neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.

